

MARTÍNEZ QUINTANAR, Miguel Ángel: *Ciudadanías. Lecturas e meditacións de filosofía política*, Espiral Maior, A Coruña, 2019, 237p.

Baixo o título englobante e plural de “ciudadanías”, presenta M.A. Martínez Quintanar un itinerario propio de “lecturas e meditacións de filosofía política”. O punto de partida desta indagación e proposta, segundo o autor apunta no “limiar” (pp. 13-14), é a honestidade, a escolla de lecturas e a exposición das meditacións ambas libres doutros condicionamentos que non sexan as preguntas e as respostas que, encadeada e rizomaticamente, van suscitando os textos lidos e a experiencia expectante, e interrogante, propia do quefacer filosófico, perante a política occidental contemporánea. Na nosa opinión, o miolo desta honestidade radica na “disputabilidade” das posicións examinadas e tomadas polo autor ao longo do libro, tal como aparece apuntada na recapitulación final (p. 220).

O libro consta de tres partes, nas cales se poñen en foco respectivamente: os modelos, as dominacións e os desenvolvementos. Os “modelos”, que informan a “ciudadanía ideal”, son aquelas filosofías que fornecen a teoría e a práctica na política occidental contemporánea: proporcionan cadros de intelixibilidade, mais tamén uns horizontes de mudanza. As “dominacións”, salientadas polo pensamento filosófico contemporáneo, falan da “ciudadanía actual”, traballada polos diversos poderes modernos. Por último, os “desenvolvementos” apuntan en dirección á “ciudadanía posíbel”, a partir de problemas, insuficiencias e potencialidades das actuais democracias. Con este formato, seguen uns diálogos e unhas reflexións amplamente informadas e documentadas, como se irá reflectindo co progresar do discurso e se recolle, no final, no apartado de “bibliografía” (pp. 223-229).

---

Recibido: 08/02/2020. Aceptado: 19/02/2020.

A “Parte I Cidadanía ideal: modelos” (pp. 15-101) versa sobre o liberalismo (cap. 1), o republicanismo (cap. 2) e algúns retos medulares dirixidos a esas filosofías políticas (cap. 3). A discusión destes modelos, liberais e republicanos, fornece o cadro teórico, e até a base conceptual, da meditación e revisión das posicións políticas filosóficas contemporáneas, na parte II, e tamén das cuestións que, en opinión do autor, inquietan o presente e deberían alicerzar o futuro, na parte III. Falamos de modelos liberais e republicanos, porque ambas as posicións son tratadas, nas súas formulacións actuais (mais sen deixar de apuntar a súa historia), tendo en conta a súa problematicidade, variedade e pluralidade.

Os “liberalismos” (pp. 18-43) son presentados e tratados, baixo o rótulo “liberalismos, cidadanías liberais” (cap. 1), nas súas versións tradicionais (Hobbes, Locke, Montesquieu) e actuais, dándoselles a estas o protagonismo, diferenciando entre liberalismos democráticos reactivos (Berlin, Hayek) e activos (Ackerman, Dworkin, Rawls). Deles, seguindo a contraposición dicotómica entre o reactivo e o activo, son examinados uns trazos maiores: o pluralismo moral (un feito desexábel?), a propia moral (privada ou pública?), a xustiza (periferia ou centro?), con énfase en Rawls, os dereitos individuais (aval xurídico ou vínculo moral?), a participación política (investimento ou civildade?), os principios de xustiza (garantía do razoábel ou racionalidade compartida?), a tolerancia (garantía social ou función constitucional?) e, finalmente, a cooperación (arranxo central ou vantaxe mutua?). En tres ocasións, interrompese a exposición e xorde a meditación, a voz do autor, ás veces acompañada por outras: tras a xustiza (con Rancière), tras os principios de xustiza (con Nozick, Sen e Nussbaum), tras a cooperación.

Canto aos “republicanismos” (pp. 43-73), baixo a rúbrica “republicanismos, cidadanías republicanas” (cap. 2), é subliñada a historia, como é propio da tradición republicana (Cicerón, Maquiavelo, Montesquieu, Harrington, Rousseau, Tocqueville,... Pettit), sendo examinados os seus trazos segundo a diversidade republicana actual (Rivera). Estes son os asuntos: lei (legalidade ou lexitimidade?), liberdade política (non-dominación ou auto-goberno?), con énfase en Pettit, virtude cívica (requirimento legal ou convicción moral?), igualdade (horizonte formal ou reparto material?), cidadanía (pluralismo, consenso, disenso?) e, por último, participación política (indirecta ou directa?). Outra vez, xorde a meditación do autor: tras a liberdade política (con Habermas), tras a igualdade, tras a participación política (con Rivera, Ovejero & Martí & Gargarella, Ackerman).

A seguir (pp. 73-101), baixo o título “Ideais de cidadanía: horizonte normativo e insuficiencias democráticas” (cap. 3), Quintanar visiona algúns desafíos que deben afrontar liberalismos e republicanismos, presentados da man de Bunge, a relación entre verdade científica e ben común na conformación da democracia, e da man de Manin, o problema da representación política para a realización da democracia: a elección, o elitismo dos representantes, a profesionalización dos políticos, o goberno dos partidos e a democracia de audiencias. As saídas apuntan en dúas direccións: unha na axenda política, a soberanía, e outra básica nas orixes, o sorteo. Na discusión, Quintanar transita desde os clásicos, nomeadamente Platón e Aristóteles, até os contemporáneos, como Rancière.

A “Parte II Cidadanía actual: dominacións” (pp. 103-171) consiste nun repaso, á luz da filosofía actual, da política occidental contemporánea, que funciona, esa revisión, como un banco de probas para liberalismos e republicanismos. É un panorama, en nove capítulos deseñados con Foucault, Deleuze e Guattari, Beck, Debord e outros, no cal Quintanar intercala ás súas meditacións, as súas lecturas que, como na Parte I e na III, son tamén contra-lecturas.

Os tres primeiros capítulos, sobre “biopolítica” (cap. 1), “biogobernanza” (cap. 2) e “biogobernanza das catástrofes (cap. 2), traen ao palco as formulacións de Foucault e Beck (cap. 3), aos cales o autor dá asento e réplica con outras voces (Negri, Agamben, Esposito, Castro, López Álvarez, Soto). A reflexión, agora sobre os “biopoderes” (cap. 4), prosegue con Foucault (Hardt e Negri, Virno, Blumenberg, Villacañas), conectándose no inciso do autor, asento e réplica, con Sloterdijk. A seguinte indagación, “espectáculo” (cap. 5), versa sobre a outra face da dominación nas sociedades avanzadas: o espectáculo, da man de Debord (tamén, García Calvo, Luhmann e Lazzarato). Esta meditación, coa súa contra, funciona como un gonzo: completa os catro capítulos anteriores e, coa síntese que ofrece entre os biopoderes e o espectáculo (a dominación e a suxeición, por individualizacións e por identificacións), preludia os catro seguintes capítulos, sobre a somato-semio-política.

Mais, con isto, a reflexión ábrese noutras direccións e outras dimensións: unha “semiopolítica” (cap. 6) que segue os pasos de Deleuze e Guattari, a “democracia de audiencias” (cap. 7) e uns “axiomas da semiopolítica” (cap. 8), lendo estes filósofos, Deleuze e Guattari, mancomunadamente con Manin. Desta feita, convén resaltar, como mínimo, as reflexións sobre a consigna e o principio de razón suficiente (cap. 6), as eleccións e a rostridade (cap. 7) e os axiomas de autonomía parcial dos representantes, liberdade

de opinión pública e formación do xuízo mediante a discusión (cap. 8). As meditacións do autor, os incisos ao final de cada capítulo, inciden, respectivamente, entre outras cuestións no perdedor-emprendedor (e máis, con Nussbaum e Butler), na circulación das mensaxes (emisores-comunicación-receptores) e sobre ideoloxía e filosofía (con Althusser e Aron). Por último, baixo o rótulo “semicidadanía(s)”, conclúe o panorama, sintetizábel na dialéctica entre as operacións de captura e as políticas do recoñecemento (lidas a partir de Kojève, Bartra), propondo Quintanar, ao final da súa meditación, unha lectura invertida (e unha acción inversora), en sentido emancipatorio, das dominacións (p. 171).

Na “Parte III Cidadanía posíbel: desenvolvementos” (pp. 173-214), son postas unhas cuestións, catro rúbricas, inquietantes e esixentes. Para quen? Para as cidadanías democráticas actuais, informadas polos liberalismos e republicanismos e alertadas (sensibilizadas) contra as dominacións. Quintanar parte do camiño feito para lanzar, na súa propia voz (con Bobbio e Exposito, tamén), as cuestións, tratadas en respectivos e sucesivos capítulos: o sufrimento, o vínculo, o desexo, a verdade. Ao cabo de cada un deles, na súa intervención, o autor pregunta polas respostas, en curso ou no horizonte, de liberalismos e republicanismos democráticos.

A reflexión sobre o “sufrimento: inscribir, atenuar” (cap. 1) propón a transición do privado ao público, da linguaxe e do acontecemento, para o seu rexistro e tratamento político. A intervención acerca do “vínculo: nomear, actuar” (cap. 2) ten un carácter nodal, como eixo que articula as outras rúbricas: sufrimento, desexo, verdade, que constitúen outros modos de vincularse. Aparece como interlocutor Marinas, a propósito do vínculo (tamén Lefort) e do desexo (tamén Deleuze e Guattari). A indagación vai sobre os vínculos que se desfán e xorden nas tensións soberanía-subxectividade. Despois, falando acerca do “desexo: arranxar, fraternizar” (cap. 3), a pesquisa segue os elos da subxectividade e a comunidade, tamén as xeradas alén e aquén da política, en torno ao consumo. Na última rúbrica, sobre a “verdade: habitar, adoptar” (cap. 4), son recollidas, e analizadas, as falsificacións da verdade denunciadas por Arendt. Segundo ela, hai cinco formas de mentira: as tres primeiras baseadas na lóxica das ideas (ora por imaxinaria ora por selectiva ora por absoluta), a cuarta converter a verdade en opinión e a quinta converter a mentira, tamén, en opinión. A dimensión da mentira na comunicación social actual relanza, segundo sinala o autor na súa meditación, a importancia en política da veracidade.

Quintanar remata o seu itinerario filosófico-político, a visualización e discusión destas “cidadanías”, facendo “recapitulación, proxeccións”

(pp. 215-222). Completouse a novela de formación, a aprendizaxe do noso autor en filosofía política? Si e non, porque hai que seguir. Pensar, actuar. Mais, non apenas por iso. Tamén, porque o itinerario de formación e a novela de aprendizaxe estiveron e fican suxeitas á discusión. O camiño trazado é de información e, con certeza, de posicións,... como dicíamos ao comezo, en permanente disputabilidade. Isto, na nosa opinión, acrecenta o valor deste traballo para posíbeis, e múltiples, lectoras e lectores, interesados e mergullados na reflexión e na práctica no panorama filosófico “e” político contemporáneo (e conterráneo).

Para concluír, a modo de ilustración, unhas palabras do autor: “Non era o meu obxectivo facer unha proposta, de conceptos e argumentos, inequívoca, pechada, sen contradicións, paradoxos, antinomías, como forma de doutrina futura, ou coa finalidade de xustificar unha doutrina previa. O obxectivo, como dixen era outro: ler para formarme, meditar para abranguer perspectivas elaboradas desde puntos de vista antagónicos” (p. 221), di Quintanar lembrando o perspectivismo de Nietzsche, invocado como paradigma no inicio do ensaio (p. 9). En todo o caso, e agora lembra a Hegel, conclúe: “pensar as cidadanías democráticas desde o punto de vista da filosofía, unha filosofía posíbel, non chega tarde” (p. 222).

Luís G. Soto